



POLÍTICA AMBIENTAL DO CONCELLO DE AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

O Concello das Pontes implantou un sistema de Xestión Ambiental que cumpre cos requisitos da Norma UNE EN- ISO 14001:2015 “Sistemas de Xestión Ambiental” e o Regulamento EMAS no seu areal do lago da antiga mina de Endesa e que utiliza para facer visible o seu compromiso na mellora continua e prevención da contaminación na praia, mediante a consideración e establecemento dos necesarios medios técnicos e económicos para previr a contaminación na súa orixe así como previr e eliminar na medida do posible calquera impacto que poida causarse sobre o medio como consecuencia das súas actividades, así como a prevención dos riscos hixiénico-sanitarios asociados á actividade desenvolta na praia. O Concello ademais asume o seu compromiso coa xestión racional dos recursos (naturais, materias primas, enerxía...) integrando na súa xestión a minimización dos residuos, verteduras e emisións. Tamén existe o compromiso deste Concello para conservar e mellorar o ecosistema do areal e establecer as medidas necesarias para previr e minimizar o impacto ambiental asociada ás actividades desenvoltas na praia. No desenvolvemento de todas aquelas actividades que se realicen no areal incluído no alcance do Sistema de Xestión, o Concello comprométese a establecer iniciativas que aseguren o cumprimento da lexislación aplicable, ao mesmo tempo que as esixencias dos usuarios, outros requisitos aplicables ás actividades que se desenvolven nas praias ou calquera outro requisito que a nosa organización subscriba relacionado cos aspectos ambientais que poidan interactuar co medio ambiente. Esta Política deberá servir ademais como un marco de referencia para definir e avaliar anualmente obxectivos de calidade e medio ambiente co obxecto de impulsar a mellora continua na xestión da praia e por tanto, na percepción de todos os seus usuarios. Por último e debido ao carácter público e transparente desta política, ánimoase a que non soamente os implicados directamente na súa xestión, senón que todos os usuarios da praia colaboren e participen na protección e mellora do areal, mediante a achega das súas suxerencias.

Alcalde do Excmo. Concello de As Pontes de García Rodríguez